

Granada tras os pasos de Soledad Montoya

Rosa Aneiros

La Voz de Galicia. Suplemento Culturas

Soledad Montoya (“cobre amarillo, su carne/ huele a caballo y a sombra”) arrastra a pena negra polas rúas de Granada. A súa presenza escapa, como unha exhalación, das olladas lánquidas e olfactos espreitantes que debullan a beleza da cidade andaluza. Sabe Granada a moscatel e azahar. A romeiro e auga tatuada por columnas de mármore branco. A laranxeiras e azulexos de perfección matemática. O esplendor dos nazaríes nunca abandonou a cidade e brilla en cada recuncho o orgullo dun pasado árabe e un futuro que se adiviña fronteirizo. Dicia Federico García Lorca, quen ten a sombra do seu cadáver incógnito na Horta de San Vicente, que Granada é unha cidade para a contemplación e a fantasía, unha cidade onde o namorado escribe mellor que en ningunha parte o nome do seu amor no chan. Granada ama o seu reflexo nos espellos de auga da Alhambra e asume a súa proximidade ó firmamento de estrelas na terra vermella que a acocha.

Soledad Montoya, mirto e romeiro, varre coas súas trenzas feitas maromas, a costa de Gómez que a leva á Alhambra. Os cipreses fanlle sombra e acubillan o seu andar miúdo. Din que a Alhambra (Al-Hamra) herda o seu nome, “a vermella”, do lume dos fachos que alumearon durante moitas noites a súa rápida construción. O navío da cidadela árabe ten a súa proa na Alcazaba e saúda, dende as súas máis de trinta torres, con fachenda de sultana. O laio de latón zorrega pingas de ouro por toda a cidade, que se rende ós seus pés nos trescentos sesenta graos. A Al-Hamra é o Patio de leóns e o oratorio do Mexuar que guía os rezos cara á Meca. É a escaleira de auga das purificacións onde lavar suor e saudade. Son as columnas que aboian nos espellos cristalinos do solo e as estalactitas dos mocárabes que limitan o ceo, unhas agullas nas que a alma, coma un faquir, deposita a súa compracencia case mística. Nos seus patios, a Reixa e a Lindaraja, o escritor americano Washington Irving escribiu os seus *Contos da Alhambra* no século XIX e Juan Ramón Jiménez tatuou os seus versos nos muros de sangue e terra. Quén sabe os milleiros de nomes que fraguaron literaturas nos prateiros xardíns do Generalife arrolados polas cóxegas nos sentidos das buganvileas, nenúfares, petunias, magnolios, tamarindos de río, anémonas ou árbores de xúpiter. Os gatos de Anxos Sumai, gordechos pola sabedoría dos agachadoiros da cidadela, miañan o seu pracer pola caloríña da primavera estreada.

Soledad Montoya foxe coas súas coxas de papoula cara ó centro. Perségua un epígrafe do Corán que exhorta á oración pero ela corre, Soledad Montoya, na procura dunha mocidade que lle asasinan. Na Bib-Rambla, ceo de estorniños e palmeiras, unha xitana move a súa carreta camiño da Calella dos Franceses, onde se acugulan os postos de venda ambulante. Cruza a súa mirada con Soledad Montoya: “¿has visto lo que ha llovío, ¡Esta es la luna del Federico Loco! Y ahora no lloverá má?”. Soledad fítaa de esguello e lambe o seu loito polas chirimoias, granadas, berenxenas e coles. Un cego serve de contrapeso a un edificio ruinoso e lembra as palabras do poeta: “dale limosna, mujer, que no hay en la vida nada como la pena de ser ciego en Granada”. Soledad Montoya segue o balbordo das voces e arrola o seu acibeche a rúa da Calderería nova, a rúa máis famosa do barrio do Albaycín que nos últimos anos se converteu nun auténtico zoco árabe. O aire ten cores de te, cardamomo, menta, curcuma, óleos

aromáticos de Pervane e coiros traballados a man. Os pétalos de incenso caen das nubes sobre as lámpadas, timbais, xogos de te de cristal e de latón que se amorean nas calellas sempre vivas do Albaycín do que Soledad escapa, furtiva e tímida, pola Porta Elvira. O empedrado do chan, branco e negro polos seixos dos ríos Genil e Darro (“uno llanto y otro sangre”) persegue os seus pasos e intúe olladas dende as celosías intrigantes dos cármenes. Coa noitiña, os ecos das covas do Sacromonte reclaman o seu pranto flamenco e Soledad Montoya gabea, soa, entre o cal vivo e o ferro forxado do seu cárcere sentimental. Unha lúa de pergamiño vixía os latexos amargos dende o ceo estrelado de Granada. “¡Oh pena de los gitanos/ pena limpia y siempre sola!/ ¡Oh pena de cauce oculto/ y madrugada remota!”.